



Estimado /a director/a:

Un curso máis poñemos en marcha o **Plan Director para la Convivencia y la Mejora de la Seguridad en los Centros Educativos y sus Entornos**, desenvolvido polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Este programa responde a unha das principais liñas de actuación do Goberno e desta Delegación, como é o impulso da educación en valores e a importancia da prevención e información como elementos fundamentais para a mellora da sociedade.

A proposta de actividades inclúe aspectos tan relevantes como o acoso escolar, os riscos asociados ao uso das redes sociais, o consumo de estupefacientes e alcol, a violencia nos centros escolares, os abusos e agresións sexuais e a violencia sobre a muller, o maltrato no ámbito familiar, os comportamentos racistas e xenófobos e a discriminación por razón de sexo ou raza, entre outros. Son temas de especial importancia e interese para toda a comunidade educativa, polo que desde a Delegación do Goberno en Galicia vos animamos a participar activamente.

Para facelo, poñemos a vosa disposición o persoal especializado das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, xunto co das Unidades de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller da Delegación do Goberno en Galicia e Subdelegacións que, en colaboración coa Alta Inspección de Educación en Galicia e a Inspección Educativa da Xunta de Galicia, son os responsables do desenvolvemento deste proxecto.

Si o centro está interesado en participar nas actividades do Plan Director pódese descargar toda a información e a solicitude no seguinte enlace:
<http://www.edu.xunta.gal/portal/plandirector>.

Para calquera consulta podes dirixirte á Alta Inspección de Educación en Galicia por medio do correo electrónico: plandirector.galicia@correo.gob.es ou do teléfono: 981 989 555/56.

Recibe un cordial saúdo

José Miñones Conde